

¿En que consiste o programa municipal “VIGO EN INGLÉS”?

Despois dos positivos e satisfactorios resultados acadados no desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo (VIGO EN INGLÉS), a nova edición 2024 desta iniciativa didáctica municipal tentará seguir promovendo a mellora da competencia e capacitación en lingua inglesa do alumnado de Vigo, dentro do marco do programa educativo municipal “Aulas Internacionais”

A presente convocatoria constará dun máximo de 925 prazas en réxime de concorrencia competitiva para alumnado de 3º da ESO e permitirá realizar viaxes e estadias de inmersión lingüística a Reino Unido e/ou Irlanda, que teñen como obxectivo ofrecer aos alumnos e alumnas de 3º de ESO dos centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos a oportunidade de mergullarse na lingua e cultura británicas e aprender nas escolas locais ou High Schools como se fosen un máis da clase. As estadias, dunha duración de 3 semanas, inclúen o importe das viaxes de ida e volta, os seguros de viaxe e responsabilidade civil, os custos de aloxamento en familias anfitriñas e manutención en réxime de pensión completa, os custos do transporte urbano ata o centro de ensino de integración asignado, o importe da matrícula no programa lectivo e o material necesario para completalo e acreditar a súa finalización, os gastos derivados do curso intensivo de mellora en lingua inglesa así como as actividades extraescolares e de lecer e visitas didácticas a centros de interese do país de acollida (que se desenvolverán en inglés e guiadas por monitorado bilingüe)

Agardando a túa proveitosa participación no programa educativo “Vigo en Inglés 2024”, recibe un cordial saúdo.



Abel Caballero - Alcalde de Vigo



Servizo de educación

Praza do Rei s/n, Planta 11ª - 36202 Vigo

Teléfono: 986 81 01 81

E-mail: vigoeningles@vigo.org

escolas.vigo.org/vigoeningles

www.vigoeningles.org

CONCELLO
DE VIGO



CONCELLO
DE VIGO



Vigo en inglés 2024

Becas de Inmersión en lingua inglesa

Programa Educativo Municipal

Praza do Rei s/n Planta 11 - 36202 Vigo

T.: 986 81 01 81 - vigoeningles@vigo.org

escolas.vigo.org/vigoeningles

www.vigoeningles.org



¿Cales son os requisitos para solicitar a participación?

- Estar a cursar 3º ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2023-2024.
- Ter aprobadas todas as materias de 2º de ESO.
- Ter obtido como mínimo unha nota dun 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificación finais de 2º de ESO.
- Estar empadroad/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2023, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
- Non ter concedida, no ano 2024, outra axuda coa mesma finalidade.
- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor.
- Ter presentado a solicitude nos prazos estipulados.

¿ Como podes solicitar a praza?

Os interesados cumprimentarán o formulario electrónico de uso obrigatorio a través da aplicación en liña dispoñible nas páxinas <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>. Unha vez cuberto este formulario, o aplicativo informático permitirá elixir entre a súa presentación telemática, a través da sede electrónica do Concello de Vigo ou presencial, sendo imprescindible asinar o formulario antes do seu rexistro. As dúas vías posibles son:

Solicitude telemática (preferente):

Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>, terá que entrar na sede electrónica do Concello de Vigo, (vigo.org/solicitud-vigoeningles) e premer o botón "tramitar por internet" onde haberá que incorporar o Formulario de Solicitude, sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos e proceder ao seu rexistro na sede electrónica. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

Solicitude presencial:

Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria> deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar polo pai e nai, titor/a legal, outros/as, e acompañado da documentación requerida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 09:00 a 13:30 hrs. (previa cita nos teléfonos 010 / 986.81 02 60 ou na web "citaprevia.vigo.org"), ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar electrónicamente mediante o seu escaneado no lugar indicado no Formulario de Solicitude, na sede electrónica ou ben presentar físicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro.

¿Cal é a documentación necesaria?

- Formulario de Solicitude unha vez cuberto on line e asinado, dixital ou manualmente.
- Certificación académica orixinal emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste estar matriculado en 3º ESO no curso académico 2023/2024 e certificación académica coas notas finais de 2ª ESO.
- DNI/NIE do alumno/a, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor)
- DNI/NIE, autorización de residencia ou pasaporte dos solicitantes (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude.
- Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou documentación acreditativa da tutoría legal.
- De ser o caso, acreditación documental das circunstancias familiares tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á garda e custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez), resolución xudicial ou administrativa da tutela ou acollemento.
- De ser o caso, certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.

- Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo a solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.
- No caso de que algún participante precise de atencións médicas especiais (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un certificado médico que así o acredite

¿Cal é o proceso para a aceptación da praza?

As listas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas nas webs do programa: "escolas.vigo.org/vigoeningles" e/ou "www.vigoeningles.org".

Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán presentar, no prazo de 5 días hábiles contados desde a publicación dos listados definitivos na web:

Exentos de pago:

Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" a aceptación expresa da praza concedida xerando unha autoliquidación 0 co correspondente xustificante.

Con achega familiar:

Tramitarán vía telemática no sitio web "https://vigo.org/vigo-ingles" a aceptación expresa da praza e realizarán o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.

escolas.vigo.org/vigoeningles
www.vigoeningles.org/convocatoria

¿Onde tes que dirixirte?

Para formular calquera consulta, podes realizala en horario de 09:00 a 14:00 hrs. De luns a venres no Servizo de Educación do Concello.

Enderezo

Servizo de Educación · Programa VIGO EN INGLÉS
Praza do Rei s/n, Planta 11ª · 36202 Vigo

Teléfono

986 81 01 81

E-mail

vigoeningles@vigo.org

En todo caso, cómpre remitirse ao contido específico recollido nas Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de Inmersión en Lingua Inglesa VIGO EN INGLÉS 2024 (Expte. 89031-332) aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión correspondente.

